

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCION DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN INTEGRAL ÁS MULLERES XORDAS QUE SOFRAN VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG, núm. 130, do 8 de xullo), á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller, incluíndo tamén a problemática específica que presentan as mulleres con discapacidade. As medidas 195 e 196 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recollen a necesidade de garantir a plena accesibilidade en lingua de signos das persoas xordas usuarias desta lingua ao 112, o 062, o 091, e todos aqueles teléfonos públicos a disposición da cidadanía a través do servizo de videointerpretación á lingua de signos Svisual que utilízase no 016, así como a de garantir un acordo coas Comunidades Autónomas, para a presenza de intérpretes de lingua de signos, así como de mediadoras especializadas na atención a persoas xordas durante todas as fases do proceso de saída da violencia.

O día 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de



Xénero. O 20 de marzo de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) é unha entidade sen ánimo de lucro, formada por 7 Asociacións, é un referente dentro e fora del movemento asociativo de persoas xordas. Nos seus 30 anos de vida, FAXPG levou a cabo numerosos programas, proxectos e actividades dirixidos á mellora das condicións de vida do colectivo de persoas xordas. Conta con Centros de Orientación e Atención a Personas Xordas, e sede nas sete grandes cidades, que atenden as demandas do colectivo de persoas xordas nas áreas de servizos sociais, educación, atención psicolóxica, emprego, Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española, ensino da Lingua de Signos Española, etc.

Pola súa dimensión, capacidade e implantación así como pola súa experiencia e coñecemento do colectivo de persoas xordas e en concreto de mulleres xordas e a especialización en lingua de signos das e dos profesionais coas/os que colabora, a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), reúne as condicións para o desenvolvemento de accións de que garantan unha atención integral ás mulleres xordas que sufran violencia de xénero, en Galicia, tales como poder contar cun servizo de intérpretes no momento de presentación da denuncia, organizar formación específica dirixida a profesionais de atención especializada a mulleres xordas da FAXPG (traballadoras sociais e mediadoras da comunicación), organizar formación específica en linguaxe de signos a profesionais de centros ou servizos especializados na atención á mulleres vítimas de violencia de xénero así como organizar actividades e talleres formativos dirixidos a persoas xordas sobre sensibilización, información e prevención de situacións de violencia.

É por iso que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, de cara a mellorar a situación das mulleres deste colectivo que padecen situacións de violencia de xénero, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia. O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia.

Para o financiamento das actividades obxecto do convenio a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, achegará a cantidade de 20.000 € (vinte mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112). O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.



A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas con necesidades especiais, como é o caso das mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero, un servizo integral, de atención, apoio, e recuperación tendo en conta a súa especial vulnerabilidade .

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

